



Igualdade de oportunidades, no colexio e na vida.

A educación está a cambiar Galicia



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

José Manuel RIVAS TROITIÑO

A globalización da gaita galega

La globalización de la gaita gallega

O ímbolo do gran valor de Galicia, da magna creación dos galegos, é a catedral de Santiago, en tanto sede da *inventio* da tumba do Apóstolo Santiago, que deu lugar a Europa como concepto e aos galegos como colectivo.

Ao lado desa catedral, que algúns queren entroncar co realismo máxico que Cunqueiro soubo recrear moito antes de García Márquez, foi proclamado en tempos galeguistas Avelino Cachafeiro como o mellor gaiteiro de Galicia. O gaiteiro de Soutelo, como quixo ser coñecido, foi o pioneiro en pór en valor a arte dun instrumento non só galego, pero cun toque exclusivo, que case un século despois inclúe nomes como Carlos Núñez, Budiño, Cristina Pato, Susana Seivane, Milladoiro, Luar na Lubre ou a Real Banda de Gaitas, e outros moitos non tan famosos que enchen os foles de gaitas en coros, escolas, institutos, universidades, centros galegos e carballeiras. O avance da tecnoloxía permite agora que os sons das gaitas galegas, que Cachafeiro levou a Arxentina, Uruguai, Río de Xaneiro, Madrid, e case a Berlín aos Xogos Olímpicos, cheguen agora a todos os lugares do mundo. De feito, non hai lugar importante no que un ou outro non interpretasen.

Nun adianto da globalización, que nalgúns dos seus aspectos é práctica galega desde fai décadas, o mundo xacobeo e os sons da gaita reflicten esa orixe e destino que se mesturan de tal xeito que, sen selo, parecen exclusivos. Porque Santiago non se pode entender sen contexto europeo e a gaita era instrumento case universal cando o mundo non era unha aldea global. Pero démoslle un toque exclusivo, como quen sabe rematar o quebra cabezas de mitos e lendas e instrumentos.

Avelino Cachafeiro, que é o personaxe deste recordo, naceu en 1899 en Soutelo de Montes, unha das vilas importantes da pontevedresa Terra de Montes, enmarcada polas montañas de Coco, Costoya, Seixo e Candán. A terra é árida, pero a xente conta co poso da cultura asentada desde o medievo e expandida aos aldeáns polo mosteiro de Acibeiro. Pocas comarcas contaron tradicionalmente con tantos emprendedores e tantos universitarios, con páxinas de recoñecemento en todo o mundo.

Fillo e neto de gaiteiros, alto, de ollos azuis, con bos dotes para facer visible e amena a súa presenza, Avelino xunta ao seu

El símbolo del gran valor de Galicia, de la magna creación de los gallegos, es la catedral de Santiago, en tanto sede de la *inventio* de la tumba del Apóstol Santiago, que dio lugar a Europa como concepto y a los gallegos como colectivo.

Al lado de esa catedral, que algunos quieren entroncar con el realismo mágico que Cunqueiro supo recrear mucho antes de García Márquez, fue proclamado en tiempos galleguistas Avelino Cachafeiro como el mejor gaiteiro de Galicia. O gaiteiro de Soutelo, como quiso ser conocido, fue el pionero en poner en valor el arte de un instrumento no sólo gallego, pero con un toque exclusivo, que casi un siglo después incluye nombres como

Carlos Núñez, Budiño, Cristina Pato, Susana Seivane, Milladoiro, Luar na Lubre o la Real Banda de Gaitas, y otros muchos no tan famosos que llenan los foles de gaitas en coros, escuelas, institutos, universidades, centros gallegos y carballeiras. El avance de la tecnología permite ahora que los sonidos de las gaitas gallegas, que Cachafeiro llevó a Argentina, Uruguay, Río de Janeiro, Madrid, y casi a Berlín a los Juegos Olímpicos, lleguen ahora a todos los lugares del mundo. De hecho, no hay lugar importante en el que uno u otro no hayan interpretado.

En un adelanto de la globalización, que en algunos de sus aspectos es práctica gallega desde hace décadas, el mundo jacobeo y los sonidos de la gaita reflejan ese origen y destino que se mezclan de tal modo que, sin serlo, parecen exclusivos. Porque Santiago no se puede entender sin contexto europeo y la gaita era instrumento casi universal cuando el mundo no era una aldea global.

Pero le hemos dado un toque exclusivo, como quien sabe rematar el puzzle de mitos y leyendas e instrumentos.

Avelino Cachafeiro, que es el personaje de este recuerdo, nació en 1899 en Soutelo de Montes, una de las villas importantes de la pontevedresa Terra de Montes, enmarcada por las montañas de Coco, Costoya, Seixo y Candán. La tierra es árida, pero la gente cuenta con el poso de la cultura asentada desde el medievo y expandida a los lugareños por el monasterio de Acibeiro. Pocas comarcas han contado tradicionalmente con tantos emprendedores y tantos universitarios, con páginas de reconocimiento en todo el mundo.

Hijo y nieto de gaiteiros, alto, de ojos azules, con buenas dotes para hacer visible y amena su presencia, Avelino junta a su padre,



Avelino Cachafeiro

pai, Fermín (bombo), aos seus irmáns Castor (gaita) e Bautista (voz e caixa), e á súa tía Andrea (pandeiro), para formar Os Gaiteiros de Soutelo.


En 1924, en plena efervescencia galeguista liderada pola xeración Nós, na compostelá praza da Quintana, Avelino foi proclamado o mellor gaiteiro de Galicia, ante Risco e Otero Pedrayo e con Castelao de cronista dunha lenda que xa se formara de pobo en pobo. A discográfica Regal, de Ourense, foi a primeira en gravar as súas interpretacións en 1928, agora reeditadas por Ouvirmos e que xustifican, ao oílas, a fama.

O teatro Avenida de Bos Aires, onde ían actuar dez días, prorrogoulles vinte máis e pagoulles ben, como para que puideran enviar a España 20.000 pesetas pola xira arxentina. Castelao e Camilo Díaz Baliño (pai de Isaac Díaz Pardo) fixeron os decorados para as súas actuacións, con continuidade en noutras cidades arxentinas e en Montevideo. A guerra civil sorprendeos en Barcelona, pasan por Madrid e, camiño dos Xogos Olímpicos de Berlín, tiran para a casa. O grupo acabárase. E Avelino xa non tocou máis en público. Escribiu e publicou poemas, pintou murais para o seu bar, debuxou anxiños para ataúdes, instalou un surtidor de gasolina, montou unha discoteca, recibía cintas coa voz de Castelao presentando Alba de Groria, e vivía como un cidadán tranquilo, lonxe da lenda da súa arte, que moitos de xeracións posteriores crían moito sen fundamento.

El soñaba con que a gaita chegara á Universidade. Aínda non, pero case. A súa estela, tras anos sen nomes tan relevantes, pobóana agora gaiteiros que saben que aínda non chegaron á súa perfección na *Muiñeira de Chantada*. Pero que o emulan, e aínda superan, en percorridos polo mundo, en asistentes a festivais, e en actividades vinculadas, como a banda sonora de *Mar adentro*, de Carlos Núñez.

O músico de Vigo é, sen dúbida, o continuador máis próximo á lenda do de Soutelo. Non só polo seu maxistral dominio da gaita, á que ensanchou e combinou con estilos e sons en versións menos folclóricas e máis creativas. Tamén pola proxección social que logrou dar á súa arte, sempre coa gaita ao seu lado. Por iso, sen dúbida, hoxe simboliza o gaiteiro en todo o mundo.

Nesa pléiade de intérpretes da gaita sobresaen tamén os xa citados Xosé Manuel Budiño, Cristina Pato, Susana Seivane –dunha saga de recoñecidos fabricantes de gaita–, e outros nomes non tan coñecidos pero que lles dan sonoridade excelente a Milladoiro, Luar na Lubre, Coral de Ruada ou a Real Banda de Gaitas.

En todos hai arte, coñecemento, creación, técnica, calidade, pero tamén imaxinación. Einstein dicía que era máis importante a imaxinación que o coñecemento. E Hölderlin consideraba que o home é un deus cando soña, cando imaxina, e moi pouca cousa cando reflexiona. Nin tanto nin tan pouco, pero da combinación, xa se ve, saíron Europa, a tumba xacobeana e os sons tamén centenarios e universais da gaita. 

José Manuel Rivas Troitiño é xornalista e profesor de Redacción na Facultade de Ciencias da Información na UCM.

Fermín (bombo), a sus hermanos Castor (gaita) y Bautista (voz y caja), y a su tía Andrea (pandeiro), para formar Os Gaiteiros de Soutelo.


En 1924, en plena efervescencia galleguista liderada por la xeración Nós, en la compostelana plaza de la Quintana, Avelino fue proclamado el mejor gaiteiro de Galicia, ante Risco y Otero Pedrayo y con Castelao de cronista de una leyenda que ya se había ido formando de pueblo en pueblo. La discográfica Regal, de Ourense, fue la primera en grabar sus interpretaciones en 1928, ahora reeditadas por Ouvirmos y que justifican, al oírlas, la fama.

El teatro Avenida de Buenos Aires, donde iban a actuar diez días, les prorrogó veinte más y les pagó bien, como para que pudieran enviar a España 20.000 pesetas por la gira argentina. Castelao y Camilo Díaz Baliño (padre de Isaac Díaz Pardo) hicieron los decorados para sus actuaciones, con continuidad en otras ciudades argentinas y en Montevideo. La guerra civil les sorprende en Barcelona, pasan por Madrid y, camino de los Juegos Olímpicos de Berlín, tiran para casa. El grupo se había acabado. Y Avelino ya no tocó más en público. Escribió y publicó poemas, pintó murales para su bar, dibujó angelitos para ataúdes, instaló un surtidor de gasolina, montó una discoteca, recibía cintas con la voz de Castelao presentando Alba de Groria, y vivía como un ciudadano tranquilo, lejos de la leyenda de su arte, que muchos de generaciones posteriores creían mito sin fundamento.


Él soñaba con que la gaita llegara a la Universidad. Todavía no, pero casi. Su estela, tras años sin nombres tan relevantes, la pueblan ahora gaiteiros que saben que aún no han llegado a su perfección en la *Muiñeira de Chantada*. Pero que lo emulan, y aun superan, en recorridos por el mundo, en asistentes a festivales y en actividades vinculadas, como la banda sonora de *Mar adentro*, de Carlos Núñez.

El músico de Vigo es, sin duda, el continuador más próximo a la leyenda del de Soutelo. No sólo por su magistral dominio de la gaita, a la que ensanchó y combinó con estilos y sonidos en versiones menos folclóricas y más creativas. También por la proyección social que logró dar a su arte, siempre con la gaita a su lado. Por ello, sin duda, hoy simboliza al gaiteiro en todo el mundo.

En esa pléyade de intérpretes de la gaita sobresaen también los ya citados Xosé Manuel Budiño, Cristina Pato, Susana Seivane –de una saga de reconocidos fabricantes de gaita–, y otros nombres no tan conocidos pero que dan sonoridad excelente a Milladoiro, Luar na Lubre, Coral de Ruada o la Real Banda de Gaitas.

En todos hay arte, conocimiento, creación, técnica, calidad, pero también imaginación. Einstein decía que era más importante la imaginación que el conocimiento. Y Hölderlin consideraba que el hombre es un dios cuando sueña, cuando imagina, y muy poca cosa cuando reflexiona. Ni tanto ni tan poco, pero de la combinación, ya se ve, han salido Europa, la tumba jacobea y los sonidos también centenarios y universales de la gaita. 

José Manuel Rivas Troitiño es periodista y profesor de Redacción en la Facultad de Ciencias de la Información de la UCM.



Intentamos chegar
a todos os galegos,
atópense onde se atopen,
e procurar que todos
se recoñezan nestas páxinas.

¿Quere recibir cada trimestre
no seu enderezo esta publicación?

Sexa cal sexa o seu lugar de residencia
enviarémoslla por 60€ anuais
(portes incluídos).

Envíenos os seus datos
e acudiremos á cita.

Intentamos llegar
a todos los gallegos,
se encuentren donde se encuentren,
y procurar que todos
se reconozcan en estas páginas.

¿Quiere recibir cada trimestre
en su domicilio esta publicación?

Sea cual sea su lugar de residencia
se la enviaremos por 60€ anuales
(portes incluidos).

Envíenos sus datos
y acudiremos a la cita.

SUBSCRÍBASE

GALEGOS

Ensenada de Ézaro Ediciones
San Clemente, 1 – 15705 Santiago de Compostela – A Coruña (España)
Tel 0034 981 555 291 – Fax 0034 981 572 077
info@ezaroediciones.com – www.ezaroediciones.com